



Irmás, a homenaxe de oito autoras actuais ás mulleres silenciadas das Irmandades da Fala (1916-1936)

Irmás. Oito diálogos contra a desmemoria é unha homenaxe de oito autoras actuais a outras oito mulleres destacadas dos tempos das Irmandades da Fala (1916-1936) pero cuxa traxectoria quedou silenciada ata hoxe.

FICHA TÉCNICA: 68 pp . 14 x 21 cms.
ISBN: 978-84-18567-39-1 PVP: 14,00 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA 2023.- Oito escritoras actuais renden homenaxe a algunhas das mulleres máis destacadas na Galiza do período de 1916-1936. Mulleres que, desde logo, non correron a mesma sorte que os seus contemporáneos, homes, que si ficaron nas páxinas da nosa Historia formando parte das Irmandades da Fala.

A través de poemas, relatos ou ilustracións, en *Irmás. Oito diálogos contra a desmemoria* (Alvarellos Editora) conflúe a mirada de oito mulleres do pasado e oito do presente.

Este volume xorde a partir do «Proxecto Irmás», impulsado por Culturalia GZ, a entidade que comanda o escritor e activista cultural **Martiño Maseda** e a presente publicación está coordinada pola tamén escritora, e docente, **Beatriz Dourado**.



As Irmás reivindicadas son: **Amalia Álvarez, Olimpia Valencia, María Luz Morales, María Miramontes, Elvira Bao, Jacinta Landa, Amparo López Jean e Teruca Bouza.**

Sobre elas, escriben:

EILÚN DEL PAZO MOA
BEATRIZ DOURADO
CECILIA F. SANTOMÉ
MÍRIAM FERRADÁNS
ROCHI NÓVOA VÁZQUEZ
PATRICIA TORRADO QUEIRUGA
LUPE BAO
TAMARA ANDRÉS

O volume inclúe imaxes e unha biografía de cada unha das mulleres reivindicadas.

A capa está ilustrada por Adolfina Mesa.

Para contactar con Beatriz Dourado: belodor@gmail.com
e con Martiño Maseda: xaquelogo2004@gmail.com

